



Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

María José Vázquez Cancelo.
IES Monte Neme. Carballo

PRACTICA 2

DISPOÑIBILIDADE DA AULA

Das catro sesións semanais que pesaba empregar é posible que acaben tan só en 3 por problemas coa aula de informática. A día de hoxe teño garantidas tres sesións e a xefa de estudos non sabe dicirme qué pasará coa cuarta sesión, en principio teño que impartila nunha aula normal.

CARACTERÍSTICAS DOS ORDENADORES

- Intel Core 2
1,86 GHZ, 0,99 GB de RAM
- Sistema operativo: Windows Vista Ultimate

AGRUPAMENTO DO ALUMNADO NA AULA

Os alumnos agruparanse de dous en dous. Tendo en conta que trátase de 19 alumnos (unha alumna estaba na lista por error), hai un alumno que está só. Deixarei que se agrupen eles mesmos posto que non coñezo ós alumnos. Se algunha parella non funciona haberá que estudar a posibilidade de cambiala.

DISTRIBUCIÓN DOS EQUIPOS

Os equipos están colocados en dúas liñas paralelas, as mesas están colocadas a carón de dúas paredes e perpendiculares ó encerado. Os alumnos dunha liña séntanse de costas os da outra liña. O inconveniente é a proximidade dos equipos nas mesas que fai que os alumnos estean moi xuntos e non teñan sitio para colocar ningún material. Non hai ordenador para o profesor polo que terei que utilizar o que estea máis cerca da mesa do profesor.

CONECTIVIDADE Á REDE INTERNET

Os equipos conéctanse a internet a través dunha conexión ADSL.

OUTROS MEDIOS DIDÁCTICOS

Utilizarase xunto co ordenador o libro de texto o encerado e as fichas para recoller o traballo dos alumnos.